


Un verdadeiro galano das letras: «Antípodas», de Xosé Vázquez Pintor. Crítica de Martínez Bouzas

Francisco Martínez Bouzas publicou no seu blog Novenoites [unha recensión crítica](#) sobre a novela *Antípodas*, de Xosé Vázquez Pintor.

«Antípodas»: navegar nas gamelas da memoria



Antípodas é, en palabras de Xosé Vázquez Pintor, a “resonancia magnética” que vai máis alá, cara ao profundo da ensoñación, das liberdades e das luces. Unha verdadeira luzada de optimismo que naceu como terapia logo dunha resonancia magnética da ciencia médica, cando o autor padecía as secuelas dun infarto severo. Unha terapia fuxindo da despedida, dese tempo de medo no que un se agarra a todas aquelas baiuras que nos poden salvar a vida. O resultado daquela terapia é este fermoso libro, un verdadeiro galano das letras de noso, artellado en capítulos breves porque o autor precisaba “desafabar, botar fóra con urxencia”. Un ruxe-ruxe con palabras desde o íntimo que remata sendo unha engaiolante creación literaria.

Dabondo ten contrastado Xosé Vázquez Pintor o moito que de poeta e narrador leva dentro.

Acoutándonos ao terreo da creación narrativa, Vázquez Pintor tennos agasallado con algunhas das novelas máis tremendas e fermosas da literatura galega, suturando a cultura da montaña e da ribeira; relatando nun estouro de humanidade as esperas da derradeira viaxe: recuperando a épica do noso mar e os dramas, a braveza e a humildade das xentes avasalladas das nosas costas; ou rescatando un memorial de amor diferente. Nesta nova achega, *Antípodas*, o autor volve ao seu oficio de activista da lingua, reconstrúe o mundo coa evocación, e faíno botando man dos ollos dun neno que, en compañía da súa cadela, primorosamente humanizada, abofé que inventa un mundo enteveado cos ollos de ver e con aqueloutros que miran desde dentro, desde a imaxinación e a fantasía.

Eles son Plinio e a cadela Luneda que tamén é urbe industrial e siderúrxica (urbs e canis). Plinio é un neno

da incluso, do convivio. Cando a súa nai cae derrubada nos abismos, el ensoña a fuxida sen regreso, ben de lonxe, navegando por outros mundos. Luneda será a súa confidente cara ao alén, cara aos antípodas. Plinio é un protagonista exposto desde o seu nacemento a todos os abalos e treboadas da vida, mais nunca pedirá esmola, só un sorriso da vida, malia que viva nunha cortella. E Plinio achéganos as coordenadas do seu mundo, na cidade do mar, mergullado nos seus soños e baiuras, navegando nas gamelas da memoria, facendo inquéritos sobre o tempo de antes, sobre as biografías dos señoritos, sobre aquelas casas nas que non había case homes porque todos emigraran. E sobre o tempo de arestora, un tempo ateigado de cambios, áspero e duro, nomeadamente para os máis humildes.

No personaxe do rillote da incluso amoreira e amalgama o autor tantas experiencias da infancia nun e nun mundo ido xa para sempre. Resisten só na memoria. Evoca así os arrieiros, os antigos que labraban a terra, os sermóns de medos e pandemias, as experiencias no mar de casa e no mar océano. E coa historia de Plinio e da súa cadeliña abrollan moitas outras, como as da siña Carme de Corcubio que deita e dorme na residencia da terceira idade e carrega na súas lembranzas todo un mundo; a da siña Xovita e as súas mans identitarias de remo e arado; a de Lois Carreño que se sente só e fala contra as paredes; ou a do curiña don Andrés para quen o ceo nunca era galego; a de Tuno dos Monxes que sabe cousas que se din de antigo, a cerimonia das palabras; ou a de Narencio, outro que xubila o paso do tempo.

Unha trama argumental artellada, xa que logo, por aglomeración de lembranzas e vivencias. Velaí a sinxela arquitectura que a acuidade e a mestría de Vázquez Pintor converte, nun relato pouco ou nada canónico (En Antípodas non existe intriga, nó, o seu desenlace non é convencional e ademais racha cos xéneros), nunha novela engaiolante, en altísima literatura, escrita de sentimentos -non sentimental-, de resistencias da memoria e de ruídos de denuncia.

Especial atención merece o apartado da lingua desta novela. A prosa de Xosé Vázquez Pintor reloce desde sempre cunha moi intensa poetización, que se deixa sentir na súa narrativa e na súa obra ensaística.

Mesmo un correo electrónico de tres liñas de Vázquez Pintor acostuma a estar pincelado con luzadas líricas. Un balón de poesía que é moito máis que un adobío, moito máis que un verniz externo á prosa narrativa. A greca lírica constitúe a esencia, a cerna da escrita do escritor de Agolada e de Cangas. Endalí os alicerces dese estilo forte e epopeico que o autor leva dentro e que eleva o galego a unha fermosa obra de arte. E á vez, mediante técnicas narrativas tiradas da sintaxe do galego, como a supresión de artigos diante de nomes de personaxes ("Taberneiro sabe comprar", "Cadelinha está en min", "Ave gosta de saber"...) e outras figuras literarias do galego antigo como as interpolacións e recursos no plano fónico e sintáctico, consegue un achegamento moi natural e mesmo familiar da voz narrativa. Engádase a todo iso o uso da fala que -xa o advirte o autor na "Folla de ruta e embarque" deste libro- "non sempre está rexistrada nos dicionarios como formas dialectais". Nesta novela, Xosé Vázquez Pintor explota, como en ningunha outra, as posibilidades do galego na súa sintaxe e nas súas formas lexicais. Esas que infelizmente xa só están na oralidade, nas bocas e voces dos avós. Novela pois que recupera vedraños termos lingüísticos a prol da súa supervivencia, as sabenzas das nosas tribos, que marcan con rúbricas de autenticidade a lingua literaria desta novela -velaí algunha mostra nos fragmentos que reproduzo-, que dá xenio ler e gorentar á vez que nos enchoupamos nas ensoñacións dese pícaro, mergullado nos seus soños.

Francisco Martínez Bouzas